

# O MEU ANDEL

blog literario de Manrique Fernández

## LUÍS VALLE: «Para que eu beba»

Manrique Fernández / 2 Novembro, 2017

Luís Valle vén de presentar o seu novo poemario, unha colección que titulou de maneira xenérica «Para que eu beba» na que o poeta dialoga coa vida e coa morte celebrando a primeira e padecendo a segunda. Non é casualidade que o poemario estea dedicado á memoria do seu pai, falecido recentemente.


O primeiro que chama a atención deste libro é a disposición dos textos. Se a poesía foi perdendo co paso do tempo elementos que lle eran propios e diferenciadores, como o ritmo, a métrica ou a rima, no caso que nos ocupa mesmo perde a disposición en vertical dos versos para presentarse como un bloque monolítico, ao estilo da prosa. Por iso estamos diante do que na lapela do libro chaman, con acerto, «poemas-menhir»: a disposición en columnas semella a de calquera outro texto en prosa, só que garda para si o lirismo e a fondura da poesía. Chamádelle prosa poética se queredes.

A min antóllaseme que o contido do poemario pode suxerirnos pistas sobre esta cuestión: cando un está doído polo pasamento dun ser querido non ten o corpo para miudezas como a disposición en verso das palabras que lle saen dende a rabia e dende a dor. Porque o certo é que estamos diante dun lamento profundo e sentido pola perda da que falamos, e o poeta verte para nós o seu sentir en cada palabra. É por iso que resulta tan doado identificarse con este libro porque, o que máis e o que menos, todos temos algunha perda irreparable no noso haber e todos nos sentimos nunha ocasión como se sente o poeta.

Ao longo do poemario atopamos referencias á enfermidade que tronzou a vida do pai, a momentos vividos con el, á soidade na que quedan o poeta e maila nai... Así, Valle vains descubriendo aos poucos o máis fondo da súa alma, ispe o seu sentir para transmitirnos a impotencia que produce tal situación. As referencias á bebida das que nos fala o título considero que non pasan de ser un puro simbolismo: beber para esquecer o que nunca será esquecido, para superar o que non pode ser superado, para sobrelevar a tristura da morte celebrando a vida. Por iso «só Deus traballa para que eu beba», di no poema que abre a colección.

Valle emprega unha linguaxe delicada e coidada, colocando a palabra precisa en cada momento. Deste xeito despreza unha extraordinaria capacidade para converter un libro triste, como é este, nun canto de luz e de vida. Se ollamos con detalle os textos vemos que abundan palabras e expresións ásperas, apesaradas, enrabexadas; e utilizando este material, é quen de crear imaxes fermosas e optimistas que sobrenadan a tristeza enchendo os seus versos da luminosidade máis poderosa.

As imaxes que crea están cheas de tristura, de ironía, de bágoas que esborrexen entre as palabras, de tenrura, de rabia... Pero a súa forza é incuestionable e, en ocasións, estarrecedora. E como para mostra abonda cun botón, lembraría aquel fragmento no que di: «Pregunto onde está o lavabo máis próximo, mentres Deus golsa no meu corazón.»



“ Luís Valle

«Para que eu beba»

Editorial Barbantesa

90 páxinas